Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TG6C7CEUOXGZ2ARNA4HRAGY	Página	61/75	

20.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2024/094, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2024.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 27 de decembro de 2024 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución provisional da concesión das subvencións, en réxime de concorrència competitiva, dentro do “Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2024”, de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

Segundo.- Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formularen alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2024/094, correspondente áAA.VV. de Chaos de Bendolloas obras de “Mellora de captacións existentes”, concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €.

Terceiro.- Por Resolución da Presidencia de data 10 de xullo de 2025 resolveuse aprobar a solicitude de anticipo por importe de 3.000,00 € (50% da subvención concedida), así como o aboamento do mesmo.

Cuarto.- AAA.VV. de Chaos de Bendollo, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 27 de decembro de 2024.

Quinto.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 27 de decembro de 2024 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da AA.VV. de Chaos de Bendollo(Quiroga), tramitada co número de expediente SUBDOT-2024/094, destinada ás obras de “Mellora de captacións existentes” por un importe de 6.000,00€, así como o aboamento de 3.000,00 € correspondentes ao 50% restante da subvención concedida”

	IV7TG6C7CEUOXGZ2ARNA4HRAGY	Fecha y Hora	01/10/2025 13:08:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TG6C7CEUOXGZ2ARNA4HRAGY	Página	62/75





A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

21.- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA NEGOCIACIÓN COA XUNTA DE GALICIA. PROCEDEMENTO ORD 97/2025.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

“Vista a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico e Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

“Antecedentes.

A Torre de Caldaloba, tamén coñecida coma Castelo de Vilaxoan ou Castelo de Caldaloba (parroquia de Pino, concello de Cospeito), tal e como se recolle na demanda de retracto, aténdonse a correspondente lexislación e aos pertinentes rexistros, ten a consideración de “Ben de Interese Cultural (BIC), coa categoría de monumento. Como tal figura no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia e no Rexistro de Interese Cultural da Administración Xeral do Estado.

Correspondía ao longo do tempo e segue correspondendo, como administración responsable última da súa protección, a Xunta de Galiza velar por pola integridade e a conservación do ben que nos ocupa, actuando sobre el ou exixíndollo aos lexítimos propietarios. E vai pra máis de 25 anos que se fixo a última intervención e se abandonou o mantemento, protección e posta en valor deste BIC.

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo – Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística recolleu en 2021 as inxerencias da veciñanza e de diferentes asociacións culturais e de defensa do patrimonio sobre a falta de mantemento e de posta en valor da torre de Caldaloba e da súa contorna. Froito destes contactos procedeuse a comprobar que efectivamente o seu estado de conservación era preocupante e que si había dispoñibilidade por parte dos propietarios para facilitar o traspaso ao patrimonio público.

En vista do desdixo por parte doutras administracións e institucións, sen amosar interese por preservar o BIC relativo á Torre de Caldaloba de tanto valor histórico,

	IV7TG6C7CEUOXGZ2ARNA4HRAGY	Fecha y Hora	01/10/2025 13:08:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TG6C7CEUOXGZ2ARNA4HRAGY	Página	63/75



simbólico e arqueolóxico, dende a Área de Cultura da Deputación de Lugo tomouse a iniciativa para mercar en propiedade este Ben de Interese Cultural coa finalidade de poder iniciar traballos de restauración e consolidación do mesmo, de cara a súa posta en valor.

Segundo o levantamento topográfico realizado para a adquisición, a propiedade mercada pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo conta cunha superficie de parcela de 19.596 metros cadrados e inclúe a metade da Torre -53 metros cadrados de planta- e o sistema de fosos e contrafosos defensivos escavados no perímetro da edificación. Tamén un pozo artesán de 5 a 7 metros de profundidade e o acceso principal: un camiño rural, pertencente a unha rede de camiños nunha zona de concentración parcelaria, de 160 m de lonxitude, cun tramo duns 2,50 metros de ancho. Todo isto representa moito máis que o expropiado polo concello de Cospeito, o que xera dúbidas de que sexa suficiente o expropiado, para garantir a protección do BIC.

Realizada a compra, esta recente notificación do Xulgado foi a primeira noticia que tivemos da Xunta de Galicia desde o 4 de novembro de 2022, cando remitiu á Deputación de Lugo unha comunicación en que anunciaba a súa intención de exercer o dereito de tanteo ou de retracto sobre a compra da parcela e da metade da Torre en beneficio do Concello de Cospeito. Dous anos e medio de silencio na vía administrativa e de evasivas na vía política, que se rompe con este procedemento no xulgado.

Esta situación de silencio impediu a inscrición da compra no rexistro da propiedade; impediu calquera avance na protección, conservación, estudo e consolidación da Torre de Caldaloba (poñendo en perigo incluso a seguridade das persoas que se achegan ata á fortaleza); e impediu acceder as axudas do 2 % cultural que saca o Estado Español. Ao longo do ano 2023, a área de Cultura solicitou á Xunta de Galicia en dúas ocasións permisos de Patrimonio para as mencionadas diferentes actuacións, que non recibiron resposta.

Resumindo, tres anos despois, a Xunta de Galicia leva á vía xudicial un procedemento que se puido resolver pola vía administrativa nos tres meses de prazo que tiña para exercer o dereito de tanteo, ou mesmo no ano de prazo que tiña para exercer o dereito de retracto, que lle atribúe a Lei de Patrimonio de Galicia. Só cabe intepretar esta situación como unha manobra máis para seguir postergando no tempo a obriga de protección e conservación da Torre de Caldaloba, que en realidade, a Xunta de Galicia xa ten desde 1994, cando declarou a Torre Ben de Interese Cultural.

En sesión da Xunta de Goberno de data 29-07-2022, coa finalidade de proceder a adquisición directa da parcela 27015A037003040000SI onde se sitúan os elementos anteriormente descritos, adoptouse o seguinte acordo:

1. Aprobar a adquisición da parcela con referencia catastral 27015A037003040000SÍ e a metade da torre de Caldaloba, de acordo cos títulos de propiedade aportados, coa

	IV7TG6C7CEUOXGZ2ARNA4HRAGY	Fecha y Hora	01/10/2025 13:08:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TG6C7CEUOXGZ2ARNA4HRAGY	Página	64/75





finalidade de realizar os traballos de restauración e consolidación deste Ben de Interese Cultural.

2. Aprobar o gasto por un importe de 106.000 € e adxudicar este importe a favor de D. Pedro Núñez Trigo e Dna. María del Carmen Núñez Trigo, a partes iguais, realizando o pago, mediante transferencia bancaria, no prazo máximo dos vinte días seguintes á formalización mediante escritura pública, da presente compravenda.

3. Formalizar en escritura pública a presente adquisición, proceder a súa regularización catastral, inscrición no Rexistro da Propiedade e no Libro de Inventario de Bens desta Deputación Provincial.

A citada formalización quedará condicionada á presentación previa, polos vendedores, dos certificados positivos, en relación coas obrigas tributarias e coa seguridade social e á acreditación da notificación á Xunta de Galicia desta transmisión onerosa e a súa contestación ou transcurso do prazo, de acordo do disposto no artigo 49 da Lei 5/2016, de 4 de maio, de Patrimonio Cultural de Galicia.

En data 21-10-2022 se formaliza escritura de compravenda ante o Notario do Ilustre Colexio De Galicia, Dna. Montserrat Trigo Mayor baixo número de protocolo mil seiscentos setenta e cinco.

En data 19-12-2022 o Rexistro da Propiedade de Vilalba emite resolución de calificación negativa para a inscrición.

Vista a cédula de emprazamento do Xulgado de Primeira Instancia nº 4 de Lugo no Ord Procedemento ordinario 0000097/2025, promovido pola Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia en exercicio da acción de retracto en relación coa parcela con referencia catastral 27015A037003040000SÍ, e a metade Oeste da Torre de Caldaloba situada na devandita parcela.

Visto o anterior, á Xunta de Goberno propónse a adopción do seguinte acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no procedemento xudicial anteriormente referenciado a través dos letrados da Asesoría Xurídica da Deputación Provincial de Lugo.

	IV7TG6C7CEUOXGZ2ARNA4HRAGY		Fecha y Hora	01/10/2025 13:08:51	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TG6C7CEUOXGZ2ARNA4HRAGY		Página	65/75	

2º.- Dar traslado do devandito acordo á Asesoría Xurídica da Deputación Provincial de Lugo”.

Visto que a devandita proposta foi aprobada na Xunta de Goberno de 9 de maio de 2025.

Malia os anteriores antecedentes, visto o informe da Asesoría Xurídica de data 23 de setembro de 2025 no que se solicita autorización para realizar os correspondentes trámites procesuais para solicitar a suspensión do procedemento xudicial a fin de que se puidesen iniciar as negociacións entre a Xunta de Galicia e a Deputación de Lugo coa finalidade de poñer fin ao proceso a través dun acordo transaccional.

En virtude do anterior é polo que se propón:

1º.- Autorizar aos letrados da Asesoría Xurídica a iniciar as negociacións coa Xunta de Galicia, toda vez que o interés da Área de Cultura da Deputación Provincial é o de preservar o BIC da Torre de Caldaloba de tanto valor histórico, simbólico e arqueolóxico e que os mesmo se restaure, se consolide e se poña en valor.

2º.-Que polos letrados da Asesoría Xurídica se solicite a suspensión do procedemento xudicial para deste xeito levar a cabo as negociacións con lealtade institucional que poñan fin ao proceso entre ambas Administracións.

3º.- Que se manteña informado da marcha de dito procedemento a esta institución a fin de validar e tomar os acordos que no seu caso se precisen.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

22.- PROPOSTA DE INICIO DO PROCEDEMENTO DE DECLARACIÓN DE PERDA DE DEREITO E APERTURA DE TRÁMITE DE AUDIENCIA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2024.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

“Vistos os informes emitidos pola Área de Deportes; o Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Iniciar o procedemento de declaración de perda de dereito e apertura de trámite de audiencia da subvención concedida mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, de data 28 de xuño de 2024, polo cal se resolve o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrência competitiva, ano 2024, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 058 do sábado 09 de marzo de 2024.

	IV7TG6C7CEUOXGZ2ARNA4HRAGY	Fecha y Hora	01/10/2025 13:08:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TG6C7CEUOXGZ2ARNA4HRAGY	Página	66/75





CATEGORIA	NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	Subvención
Actividade competitiva 2024	FULL KARATE CLUB GALAICO	KARATE	1.335,00 €
Actividade competitiva 2024	FULL KARATE CLUB GALAICO	KICKBOXING	563,00 €
Actividade competitiva 2024	CLUB CICLISTA MEIRA	CICLISMO	2.093,00 €

2º.- En cumprimento do antedito, do regulado no art. 89 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do previsto no artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, notificar ao beneficiario, o inicio do procedemento de declaración de perda de dereito ao cobramento a beneficiarios de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2024, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, de data 28 de xuño de 2024 e a apertura do respectivo trámite de audiencia, para que no prazo de dez (10) días poida alegar e presentar os documentos e as xustificacións que considere pertinentes, ou no seu caso, antes do vencemento do prazo, manifestación da súa decisión de non efectuar alegacións nin presentar novos documentos ou xustificacións.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

23.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE DONA OLALLA VILELA CARBALLO, DONA TANIA GONZÁLEZ LÓPEZ E DONA MARÍA ELIZABETH IGLESIAS VARELA PARA CUBRIR EN PROPIEDAD, POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN, TRES PRAZAS DENOMINADAS ADMINISTRATIVO/A, DA ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVA, GRUPO C - SUBGRUPO C1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“As bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal funcionario ou laboral fixo, incluídas nas ofertas de emprego, acceso libre (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade) publicáronse no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

	IV7TG6C7CEUOXGZ2ARNA4HRAGY	Fecha y Hora	01/10/2025 13:08:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TG6C7CEUOXGZ2ARNA4HRAGY	Página	67/75



A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de oposición, tres prazas de administrativo/a, da escala de administración xeral, subescala administrativa, grupo C- subgrupo C1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, fixéronse públicas no BOP núm. 247, do 25.10.2024.

Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditadas polas persoas aspirantes proposta a documentación á que se refire a base xeral 10, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo á proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 11.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento nomeando como funcionarias de carreira a:

Dona Olalla Vilela Carballo, para ocupar a praza número 517, denominada administrativo/a, escala de administración xeral, subescala administrativa, grupo C – subgrupo C1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2023, adxudicándolle o posto de traballo denominado administrativo/a entrada, número 1617, vinculado á citada praza.

Dona Tania González López, para ocupar a praza número 612, denominada administrativo/a, escala de administración xeral, subescala administrativa, grupo C – subgrupo C1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2023, adxudicándolle o posto de traballo denominado administrativo/a entrada, número 1627, vinculado á citada praza.

Dona María Elizabeth Iglesias Varela, para ocupar a praza número 2048, denominada administrativo/a, escala de administración xeral, subescala administrativa, grupo C – subgrupo C1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2023, adxudicándolle o posto de traballo denominado administrativo/a entrada, número 497, vinculado á citada praza.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

24.- PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NAS BASES ESPECÍFICAS DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN DE LUGO, EN CINCO (5) PRAZAS VACANTES, DOTADAS ORZAMENTARIAMENTE, DENOMINADAS TERAPEUTA OCUPACIONAL, INCLUÍDAS NAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO DOS ANOS 2023, 2024 E 2025, ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.

	IV7TG6C7CEUOXGZ2ARNA4HRAGY	Fecha y Hora	01/10/2025 13:08:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TG6C7CEUOXGZ2ARNA4HRAGY	Página	68/75





Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Por acordo da Xunta de Goberno de data 12.09.2025, apróbanse as bases específicas que regulan, xunto coas bases xerais, o proceso selectivo que se convoca para o ingreso como persoal funcionario de carreira na Deputación de Lugo, en cinco (5) prazas vacantes, dotadas orzamentariamente, denominadas Terapeuta Ocupacional, incluídas nas Ofertas de Emprego Público dos anos 2023, 2024 e 2025, acceso libre, polo sistema de concurso-oposición.

Producíndose erro material na base 9. Programa de acceso B) Materias específicas bloque 2, e considerando o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que textualmente di: “As Administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”, propónse á Xunta de Goberno que proceda a súa corrección do seguinte xeito:

1º. Onde textualmente di:

“(…)

Bloque 2

29. Historia e evolución do sistema de protección social en España. Marco legal dos servizos sociais: Constitución Española, Estatuto de autonomía de Galicia. O papel das deputacións provinciais.

30. A lei de servizos sociais de Galicia. O sistema galego de servizos sociais. Planificación do sistema galego de servizos sociais.

31. Os servizos sociais de Galicia. O Catálogo de servizos sociais en Galicia. A prestación dos servizos sociais. Dereitos e obrigas das persoas usuarias dos servizos sociais. Dereitos e obrigas das entidades prestadoras dos servizos sociais. Infraccións e sancións. Procedemento sancionador.

32. As competencias en materia sociosanitaria da Deputación de Lugo. O servizos sociais da Deputación de Lugo. Marco legal e administrativo que regula os centros de atención a maiores da Deputación de Lugo.

33. As autorizacións, acreditacións, modificacións e inspección dos servizos sociais en Galicia. A regulación das condicións e requisitos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores en Galicia. Requisitos xerais dos centros e programas de

	IV7TG6C7CEUOXGZ2ARNA4HRAGY		Fecha y Hora	01/10/2025 13:08:51	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TG6C7CEUOXGZ2ARNA4HRAGY		Página	69/75	

servizos sociais. O rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais (RUEPSS).

34. Promoción da autonomía persoal e atención á dependencia: principios da lei, dereitos e obrigacións dos usuarios, configuración do sistema, prestacións e catálogo de servizos.

35. Procedemento da valoración da dependencia en Galicia: disposicións xerais, órganos do sistema, procedemento. Iniciación, tramitación, resolución e revisión do recoñecemento do grao de dependencia e do Programa individual de atención.

36. Discapacidade: conceptos básicos. Aspectos físicos, psíquicos e sociais e legais. Principais beneficios do recoñecemento do grao de discapacidade.

37. Os centros de atención a persoas maiores da Deputación de Lugo como resposta á prevención da soidade na vellez.

38. Protocolos nos centros de atención a persoas maiores de obrigado cumprimento.

39. Definicións de terapia ocupacional segundo a Federación Mundial de Terapia Ocupacional (WOFT), o Comité europeo de Terapia Ocupacional (COTEC) e a Organización Mundial da Saúde (OMS). Código de ética de terapia ocupacional.

40. Historia da terapia ocupacional: orixes, promotores, principios, e feitos históricos. Terapia ocupacional en España, orixes e desenvolvemento.

41. O modelo de atención centrada na persoa e o modelo biopsicosocial, na atención e coidados sociosanitarios. O rol do profesional de terapia ocupacional neste modelo.

42. A atención xerontolóxica centrada na persoa. Historia e proxecto de vida. A folla de ruta persoal.

43. O Plan de Atención Individual nos centros de atención ás persoas maiores. Plan de coidados. Tratado de xestión da vida.

44. Papel do terapeuta ocupacional nas diferentes etapas da persoa usuaria nun centro de atención a persoas maiores da Deputación de Lugo: avaliación, preacceso, acceso, adaptación e baixa.

(...)"

2º. Debe dicir:

(...)

Bloque 2

29. Fisiopatoloxía do envellecemento. Envellecemento fisiolóxico. Envellecemento patolóxico.

30. A psicomotricidade. Concepto de psicomotricidade. Terapia ocupacional e psicomotricidade.

31. Terapia ocupacional en xerontoloxía e coidados básicos no maior. Valoración xerontolóxica integral (compoñentes/ áreas do desempeño ocupacional). Rol do terapeuta ocupacional na valoración xerontolóxica integral.

32. Avaliación en terapia ocupacional. Diferencias entre avaliación e valoración. Avaliación inicial e continuada.

33. Avaliación da función física e sensorial. Métodos e instrumentos de valoración. Intervención de terapia ocupacional.

34. Avaliación da función cognitiva. Métodos e instrumentos de valoración. Intervención de terapia ocupacional

	IV7TG6C7CEUOXGZ2ARNA4HRAGY	Fecha y Hora	01/10/2025 13:08:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TG6C7CEUOXGZ2ARNA4HRAGY	Página	70/75





35. A actividade en terapia ocupacional. Análise da actividade. Aplicación da actividade con fins terapéuticos.
36. Actividades da vida diaria. Definición e clasificación. Actividades Básicas da Vida Diaria (ABVD), Actividades Instrumentais da Vida Diaria (AIVD), Actividades Avanzadas da Vida Diaria (AAVD)
37. Instrumentos estandarizados para a valoración das Actividades Básicas da Vida Diaria (ABVD). Barthel, Katz, escala da Cruz Vermella.
38. Instrumentos estandarizados para a valoración das Actividade Instrumentais da Vida Diaria (AIVD). Instrumento Cuestionario Pfeffer, Escala de Lawton y Brody.
39. Intervención de terapia ocupacional en residencias de persoas maiores. O plan de atención individual en persoas maiores. O papel do terapeuta ocupacional nos plans de atención individual.
40. Os equipos interdisciplinares terapéuticos. Papel do terapeuta ocupacional nos equipos terapéuticos. A relación terapéutica entre a persoa maior e o profesional da terapia ocupacional.
41. Produtos de apoio. Definición. Clasificación.
42. Próteses. Concepto, clasificación, funcións e mecanismos de acción. Órteses. Concepto, clasificación, funcións e mecanismos de acción.
43. Terapia ocupacional en procesos reumatolóxicos: artrite e artrose. Valoración e intervención. Protección articular. Ergonomía.
44. Terapia ocupacional en demencias. Tipos de demencia. Intervención de terapia ocupacional.
- (...)” ”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

25.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN FORZOSA, POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA, DUN CAPATAZ DE CAMIÑOS DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que Don José Luis Gil García, Capataz de Camiños do Cadro de Persoal Funcionario, cumpre os 65 anos de idade o día 13 de novembro de 2025, que terá

	IV7TG6C7CEUOXGZ2ARNA4HRAGY	Fecha y Hora	01/10/2025 13:08:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TG6C7CEUOXGZ2ARNA4HRAGY	Página	71/75



recoñecidos 41 anos, 8 meses e 3 días de servizos prestados nesta Deputación provincial, o día 13 de novembro de 2025, data previsible de xubilación forzosa.

Que acredita un período de cotización á Seguridade Social superior aos 38 anos e 3 meses e que non solicitou inicialmente a prolongación no servizo activo.

Tendo en conta as consideracións de dereito que se recollen no informe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia a Concellos, que sinala textualmente:

“2.1.- O artigo 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia establece:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida

(...)”.

2.2.- O artigo 67 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, preceptúa:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.

(...).

4.- Con independencia da idade de xubilación forzosa establecida no apartado 3, a idade da xubilación forzosa do persoal funcionario incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social será, en todo caso, a que prevexa as normas reguladoras do dito réxime para el acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva sen coeficiente redutor por razón da idade.”.

3.- A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2025	38 anos e 3 meses ou máis	65 anos.
	Menos de 38 anos e 3 meses	66 anos e 8 meses

[...]”.

	IV7TG6C7CEUOXGZ2ARNA4HRAGY		Fecha y Hora	01/10/2025 13:08:51	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TG6C7CEUOXGZ2ARNA4HRAGY		Página	72/75	



Á vista dos considerandos anteriormente sinalados e tendo presente que Don José Luis Gil García terá acreditado, á data do 13 de novembro de 2025, na que cumpre os 65 anos de idade, un período de cotización superior aos 38 anos e 3 meses e non tendo solicitado a prolongación de permanencia no servizo activo.

Tendo en conta cando antecede, na miña condición de Deputada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propoño que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida do funcionario provincial, Don José Luis Gil García, con efectividade do día 13 de novembro de 2025, derradeiro día que presta servizos a esta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

26.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN FORZOSA, POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA DUN MESTRE TALLER INSTRUMENTOS MUSICAIS, DO CADRO DE PERSOAL LABORAL.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que Don Luciano Pérez Díaz, Mestre Taller do Cadro de Persoal Laboral Provincial, infórmase o seguinte cumpre os 65 anos de idade o día 19 de novembro de 2025, que terá recoñecidos 44 anos, 7 meses e 19 días de servizos prestados nesta Deputación provincial, o día 19 de novembro de 2025, data previsible de xubilación forzosa, polo que acredita un período de cotización á Seguridade Social superior aos 38 anos e 3 meses e que non solicitou a prolongación de permanencia no servizo activo.

Tendo en conta as consideración de dereito que se recollen no informe do Servizo de RRHH e Asistencia a Concellos, do teor seguinte:

	IV7TG6C7CEUOXGZ2ARNA4HRAGY		Fecha y Hora	01/10/2025 13:08:51	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TG6C7CEUOXGZ2ARNA4HRAGY		Página	73/75	

O artigo 68 da Lei 2/2015, do 29 de abril da Lei de Emprego Público de Galicia establece:

“1. A xubilación do persoal funcionario poderá ser:

a) Voluntaria

b) Forzosa, polo cumprimento da idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida

[...]”.

O Artigo 53 do Convenio Colectivo Único para Persoal Laboral da Excm. Deputación Provincial de Lugo BOP (30-08-1990), no seu artigo 53.1) establece:

“A xubilación forzosa do persoal laboral a fin de contribuír á realización dunha política de promoción de emprego, declararase de oficio ao cumprir o traballador os 65 anos de idade. A xubilación forzosa de ditos traballadores rexirase polo establecido na Lei 8/80, de 10 de marzo (...)”

A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, que sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2025	38 anos e 3 meses ou máis	65 anos.
	Menos de 38 anos e 3 meses	66 anos e 8 meses

[...]”.

Á vista dos considerandos anteriormente sinalados e dos informes dos servizos e tendo presente que Don Luciano Pérez Díaz, terá acreditado, á data 19 de novembro de 2025 un período de cotización superior aos 38 anos e 3 meses e non tendo solicitada a prolongación no servizo activo.

Tendo en conta cando antecede, na miña condición de Deputada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propoño que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida, do traballador do Cadro de Persoal Laboral, Don Luciano Pérez Díaz, con efectividade do día 19 de novembro de 2025, data na que se extingue a súa relación laboral con esta

	IV7TG6C7CEUOXGZ2ARNA4HRAGY	Fecha y Hora	01/10/2025 13:08:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TG6C7CEUOXGZ2ARNA4HRAGY	Página	74/75





Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

27.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Dación de conta da sentenza nº 223/2025.

Dase conta da Sentenza nº 223/2025 de 16 de setembro, ditada polo Xulgado Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo no Procedemento Abreviado 69/2025-A, seguido a instancia de Abanca Generales de Seguros y Reaseguros S.A. fronte ao acordo da Deputación Provincial de Lugo, e en cuxo fallo dí o seguinte:

“Que debo desestimar y desestimo el recurso contencioso administrativo interpuesto por la representación procesal de Abanca Generales de Seguros y Reaseguros frente a la Excm. Diputación Provincial de Lugo, con intervención en calidad de codemandada de Mapfre España, seguido como proceso abreviado número 69/2025 contra la resolución administrativa citada en el encabezamiento, que se declara ajustada al ordenamiento jurídico.

Con expresa imposición de costas a la parte actora respecto de la Administración demandada, hasta la cifra máxima de doscientos euros (más impuestos) en concepto de honorarios de Letrada.

Notifíquese esta Sentencia a las partes haciéndoles saber que es firme y contra la misma no cabe interponer Recurso ordinario alguno”.

A Xunta de Goberno queda enterada.

28.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO

	IV7TG6C7CEUOXGZ2ARNA4HRAGY		Fecha y Hora	01/10/2025 13:08:51	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TG6C7CEUOXGZ2ARNA4HRAGY		Página	75/75	